A intervención de Sogama tivo lugar nunha mesa redonda que contou igualmente coas achegas de Felipe Macías, Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da USC; Verónica Tellado, Subdirectora Xeral de Residuos da Xunta de Galicia; Priscila Artiga Acuña, Técnica de Augas Residuais de Espina & Delfín, S. L; e Sergio Quiroga, Director de I+D e Producción de Ecocelta. Na xornada previa, representantes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia explicaron os pormenores da Estratexia galega fronte ao cambio climático 2050.

### Referentes en eficiencia

Durante a súa exposición neste foro de referencia, os responsables de Sogama lembraron que a nova planta de recuperación de materiais do complexo industrial de Cerceda, punteira no seu sector, permitirá cuadruplicar as taxas de reciclaxe, enviando á industria transformadora da orde de 120.000 toneladas de materiais cada ano, así como reducir o uso do vertedoiro a mínimos ata alcanzar o vertido técnico cero. Outro dos puntos abordados foi a continua promoción da compostaxe por parte de Sogama tanto a través da súa participación en [proxectos de I+D+i](#) e como da [educación ambiental](#) co seu exitoso programa de [autocompostaxe doméstica](#). ●

## Actualidade

# Xornada técnica sobre investigación e xestión de residuos da Universidade de Vigo

Sogama compartiu mesa con tecnólogos e investigadores das tres Universidades galegas, empresas do sector e centros tecnolóxicos

Da man do seu Director Xeral, Isidro García Télez, Sogama volveu participar nun foro de coñecemento, desta vez na Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). A xornada técnica estaba promovida polo grupo BA2, no marco da Rede REGATA (Rede Galega de Tecnoloxías Ambientais) no que participan de 17 grupos de investigación.

Durante a súa intervención, Isidro García expuxo as características e operativa da nova planta de recuperación de materiais que forma



Isidro García durante a súa exposición.

parte da ampliación do complexo industrial cercedense e que se converterá no máis eficiente de Europa. O Director Xeral de Sogama

compartiu mesa con tecnólogos e investigadores das tres Universidades galegas, da empresa ICODA e do centro tecnolóxico ENERGYLAB. ●

# Medio centenar de docentes reforzan os seus coñecementos en educación ambiental

Sogama organizou un novo curso online para a comunidade educativa galega



A educación ambiental é unha aposta de futuro e un dos eixos do traballo diario de Sogama. A mediados de novembro, medio centenar de profesores de distintos niveis educativos adscritos á Xunta de Galicia finalizaron un novo curso de formación impartido por Sogama, en coordinación coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través

do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación).

Con 30 horas lectivas, e baixo o título "A educación ambiental, unha aposta de futuro", o contido dividiuse en dez temas para abordar cuestións tales como o principio xerárquico dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), a función das escolas para o fomento da sostibilidade e o deseño de materiais didácticos.

O temario reforzouse con recursos divulgativos de apoio, propiciando ao mesmo tempo un diálogo fluído e construtivo entre os participantes baixo a máxima de "aprendendo todos de todos".

A día de hoxe, preto de 700 persoas de distintos perfís profesionais xa participaron nos cursos online de Sogama, tanto básicos como avanzados, cunha valoración moi positiva. ●

[Volver á portada](#)

## Actualidade


## Arranca "Recíclate con Sogama" 2018-2019

As candidaturas recibidas nesta sétima edición superaron as expectativas

A sétima edición do programa educativo "Recíclate con Sogama" 2018-2019 arrancou o pasado mes de novembro cun total de 25 colexios de primaria seleccionados entre o elevado número de centros que presentaron a súa solicitude para participar nesta iniciativa de educación ambiental. De feito, as candidaturas recibidas nesta edición superaron amplamente as previsións da empresa pública dando conta da boa acollida e da utilidade desta iniciativa.

Os colexios desta edición 2018-2019 pertencen ás catro provincias galegas: oito por Pontevedra, 10 pola Coruña, 3 por Ourense e 4 por Lugo.

Ao longo do curso, Sogama tamén poñerá a disposición dos centros distintos medios materiais (illas de reciclaxe e composteiros) e didácticos (folletos, presentacións, vídeos, xogos, guías didácticas, etc.) para que poidan desenvolver os seus proxectos nas



mellores condicións. A maiores, a comunidade educativa contará coa axuda de educadores especializados ao servizo de Sogama. Estes profesionais visitarán periodicamente todas as escolas para impartir formación, facer un seguimento do traballo e resolver dúbidas.

#### Antes de fin de curso

Con todos os datos rexistrados, ao final de curso, procederase a realizar a valoración das

memorias que os colexios deberán presentar a través da aplicación informática do Plan Proxecta.

Adicionalmente, os rapaces tamén terán a oportunidade de visitar o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda para coñecer de primeira man a súa actividade. ●

[Consultar aquí os colexios participantes](#)

## Máis de 75.000 persoas xa coñecen *in situ* as instalacións de Sogama

O programa educativo de visitas á infraestrutura industrial da Sociedade é todo un exemplo de transparencia no que participan diferentes colectivos sociais

O programa educativo de visitas á infraestrutura industrial da Sociedade constitúe todo un exemplo de transparencia no que veñen participando diferentes colectivos sociais; desde escolares ata universitarios, políticos, profesionais do sector e delegacións políticas, técnicas e estranxeiras

Ata o día de hoxe, máis de 75.000 persoas tiveron a oportunidade de integrarse neste programa pedagóxico, conceptualizado como claro exemplo de transparencia e valorado de forma moi positiva polos usuarios, ademais de comprobar *in situ* a



Alumnos dun centro escolar da provincia de A Coruña.

actividade da compañía, que a día de hoxe xestiona os residuos urbanos producidos por 295 concellos.

#### Sempre acompañados

Educadores especializados son os encargados de atender aos grupos a través de sesións teórico-prácticas nas que se combinan as explicacións, apoiadas con

distintos recursos didácticos e divulgativos, cun percorrido guiado.

Unha vez culminado o proxecto de ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, a nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo convencional enriquecerá en boa medida este programa de visitas, valorado xa de forma moi positiva polos usuarios. ●

[Volver á portada](#)

## Boas prácticas ambientais desde primaria

Preto de 1.800 alumnos participaron nas charlas informativas impartidas en 25 colexios de toda Galicia



As charlas acompañáronse de material audiovisual.

Educadores medioambientais ao servizo de Sogama visitaron durante dous meses e medio 25 centros escolares para impartir charlas de educación ambiental. Preto de 1.800 alumnos de educación primaria, bacharelato ou do ciclo formativo de Limpeza e Hixiene do IES Primeiro de Marzo (Baiona, Pontevedra) foron os destinatarios desta actividade. Segundo as necesidades

indicadas polos profesores, as visitas centráronse en reforzar os coñecementos sobre a xestión sostible de residuos urbanos ou sobre a recollida selectiva a fin de mellorar a súa contribución á reciclaxe.

As charlas comezaron o 16 de outubro do CEIP Virxe do Mar de Narón e tiveron lugar en centros de Boiro, Lugo, Pontevedra, Baiona, Cerceda, Arteixo e A Laracha e Ordes.

### Bolsa amarela e bolsa negra

Estes encontros divulgativos tamén se aproveitaron para dar a coñecer a mecánica industrial de Sogama. Dende o servizo prestado a 295 concellos galegos ás dúas fraccións de residuos que se atopan baixo a súa competencia: bolsa amarela e bolsa negra, así como o tratamento ao que son sometidos no complexo medioambiental de Cerceda. ●

## A compostaxe doméstica suma e segue

Entre outubro e novembro, uns 205 fogares de Vilarmaior, Allariz, Vedra, A Guarda, Cedeira e Pazos de Borbén adscribíronse ao programa de Sogama



Todos os composteiros son cedidos gratuitamente por Sogama.

Nun proceso de mellora continua, os concellos de Vilarmaior, Allariz, Vedra, A Guarda, Cedeira e Pazos de Borbén decidiron ampliar o programa de compostaxe doméstica incorporando 225 novos fogares. En total, serán 858 casas destes 6 municipios os que reciclarán os seus residuos orgánicos en orixe, evitando o seu depósito nos contedores verdes convencionais e reducindo a cantidade de lixo enviada a Sogama.

En detalle, Vilarmaior e Allariz contan con 125 fogares adscritos cada un; A Guarda con 263, Cedeira con 80, Vedra con 170 e Pazos de Borbén con 95.

### Información sempre a man

Aparte da formación que presta cada propio goberno municipal co apoio de Sogama, os usuarios poden complementar os seus coñecementos a través do sitio [www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal).

Nesta páxina web, explícase de forma pormenorizada a dinámica a seguir, e tamén se resolven dúbidas, para obter un abono final de alta calidade e con garantías.

A día de hoxe, Sogama xa distribuíu máis de 9.500 composteiros nun total de 283 entidades (184 concellos, 84 centros educativos e 15 colectivos sociais), levando a cabo igualmente accións de formación e concienciación co obxectivo de reforzar o espírito do programa. ●

## Multimedia



### Adiviña, que chove!

Fóra está chovendo, así que os nosos amigos da familia Trebón quedan na casa para pasar a tarde. Lilia propón xogar ás adiviñas. Cada un deles ten que dar pistas dun residuo, e entre todos temos que acertar en que colector hai que depositalo. Adiviñas? ●

[Mira aquí o ecoconto Planeta Verde \(capítulo 37\)](#)

### Sobras de comida con gran valor

“Saborosa reciclaxe” é o nome co que se presenta o novo receptor editado por Sogama en colaboración co centro penitenciario de Monterroso (Lugo).

En total, máis de 60 deliciosas propostas que teñen como base sobras de comida. Aperitivos, entrantes, peixes, carnes e sobremesas integran un libro multicultural que pon a guinda a un intenso traballo que a Escola de Adultos desta institución, dirixida por Pedro Cantero, leva a



cabo hai máis dun ano para reducir o desperdicio alimentario.

A iniciativa, enmarcada no proxecto “A comida non se tira”,

tamén é aproveitada para recuperar o valor dos alimentos e enxalzar a importancia que, para a saúde, ten unha dieta equilibrada e variada. ●

[Descargar aquí o receptor “Saborosa reciclaxe”](#)

### 18 consellos para producir menos lixo

Son reflexións de sobra coñecidas, pero que Sogama xunta e resume no manual de boas prácticas “Reducir para sumar” que editou con motivo da Semana Europea da Prevención de Residuos 2018.

Dirixido á poboación en xeral, ofrece 18 claves básicas para consumir de forma responsable, minimizar o desperdicio alimentario, descartar os produtos de usar e tirar, dar unha segunda vida á roupa e segregar correctamente os residuos en orixe e depositalos nos contedores correspondentes para propiciar o seu reciclado. Tamén presta atención á dificultade e ao custe de limpar e eliminar as cabichas e os chicles, así como o exponencial e preocupante



crecemento do lixo electrónico.

Non obstante, como recorda Sogama, o mellor residuo é o que non se produce e alude ao criterio multiterre, característico da economía circular, como a mellor folla de ruta para xestionar de forma sostible os refugallos producidos:

redeseñar, refabricar, reparar, redistribuír, reducir, reutilizar, reciclar e recuperar enerxeticamente a fracción non reciclable. ●

[Descarga aquí o manual “Reducir para sumar”](#)

[Volver á portada](#)

## Eventos

### Cewep converteuse en punto de inflexión para a valorización enerxética

O noveno congreso de Cewep (Confederación Europea de Empresas de Valorización Enerxética) converteuse nun encontro de referencia para o sector da valorización enerxética en España. Baixo o lema "De residuos a enerxía: facendo posible a economía circular", púxose de relevo a extraordinaria achega da valorización enerxética dos residuos non reciclables á economía circular, garantindo desta forma o aproveitamento, limpo e eficiente, da enerxía contida nos mesmos e evitando o seu vertido, a opción menos desexable dado o seu negativo impacto medioambiental.



O programa nutriuse coas intervencións de relatores de alto nivel ante un aforo dunhas 200 persoas de distintos países europeos, e pechouse cunha visita técnica á planta de Zabalgarbi

(Bizkaia), distinguida polo seu carácter innovador e alta eficiencia.

O congreso tivo lugar os días 20 e 21 de setembro no Centro de Conferencias do Pazo Euskalduna (Bilbao). ●

### Recuwaste 2018 consolídase como cita obrigada para o sur de Europa



Recuwaste, o congreso sobre xestión de residuos e economía circular organizado polo Consorcio para o Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos do Maresme e celebrado en Mataró (Cataluña), cumpriu a intención de situarse como un referente do sector no sur de Europa. As cifras así o demostran.

Bateu récord de participantes, con preto de 550 profesionais dos sectores da xestión de residuos e da

economía circular acreditados. Tamén de patrocinadores e colaboradores, situándose en torno ás 65 empresas, institucións, fundacións e medios de comunicación asistentes.

Así mesmo, a ampliación de Recuwaste tivo moi boa acollida; tanto a nova sección audiovisual como a ampliada oferta de talleres, a mostra de maquinaria ou o gran poder de convocatoria do premio Alfonso Maillou. ●



## Eventos

### Nova estratexia europea de bioeconomía

A Comisión Europea presentou un plan de acción con 14 medidas para o desenvolvemento dunha bioeconomía circular coa que se pretende incentivar o emprego, o crecemento e o investimento, e mellorar ao mesmo tempo o uso sostible dos recursos. A pretensión é incrementar e reforzar os sectores con base biolóxica e modernizar a economía e a industria.

A Comisión considera que, nun mundo de ecosistemas e recursos biolóxicos finitos, urxe facer un esforzo en innovación para alimentar a unha poboación en continuo crecemento, subministrar auga potable e producir enerxías limpas.

Non obstante, para levar a cabo este plan de acción nun sector estratéxico que move uns 2 billóns de euros e crea ao redor de 18 millóns de postos de traballo, a Comisión invita a un esforzo coordinado entre as autoridades públicas e a industria. ●



### A Comisión Europea revisa as normas de residuos

O órgano executivo e de iniciativa legislativa da Unión Europea sinala que é o requisito para avanzar cara á economía circular xa que, se ben houbo progresos e o balance se cualifica como positivo a nivel global, é preciso seguir mellorando a xestión dos residuos para facela máis sostible. Especialmente no caso de 14 países: Bulgaria, Croacia, Chipre, Estonia, Finlandia, Grecia, Hungría, Letonia, Malta, Polonia, Portugal, Romanía, Eslovaquia e España.

Considera que estes Estados corren o risco de non alcanzar o obxectivo de reciclaxe do 50% para o ano 2020 polo que, nestes casos, decidiu presentar proxectos de acción concretos cos que garantir o cumprimento da lexislación europea na materia. Á vez, efectuará visitas de alto nivel coa pretensión de debater as oportunidades e retos coas autoridades nacionais, rexionais e locais, así como coas partes interesadas.



Un dos principais desafíos nos próximos anos asóciase ao reciclado de plásticos e á redución do elevado uso do vertedoiro, toda vez que 10 Estados verteron máis do 50% do seu lixo municipal e cinco, máis do 70%. ●

Eventos

## Fóra os plásticos dun só uso

De sobra coñecido é o seu negativo impacto sobre os ecosistemas mariños, a fauna, o transporte marítimo, a pesca, o turismo e a propia alimentación humana.

Por iso, o Parlamento Europeo quere prohibir os plásticos dun só uso a partir do ano 2021. Pratos, cubertos, bastonciños de algodón ou palliñas aglutinan o 70% do lixo mariño. Á lista de produtos engadíronse igualmente os

artigos de plástico oxo-degradable e os envases de comida rápida de poliestireno expandido. Cada categoría de residuos ten uns obxectivos a cumprir de aquí ao 2025.

O informe do Parlamento foi avalado por 571 eurodeputados, con 53 votos en contra e 34 abstencións. Unha vez que os ministros fixen a súa posición, darán comezo as negociacións entre o Parlamento e o Consello. ●

## Os restos de medicamentos, no seu sitio

Baixo o lema "Grazas por botar unha man", SIGRE (Sistema Integrado de Gestión y Recogida de Envases) acaba de lanzar este outono en Galicia unha nova campaña de concienciación. Está dirixida a sensibilizar ao cidadán sobre o seu importante papel para levar a cabo o correcto reciclado dos envases baleiros ou con restos de medicamentos, depositándoos no Punto SIGRE da farmacia e darlles un correcto tratamento medioambiental. ●



### QUE HAI QUE DEPOSITAR NO PUNTO SIGRE DA FARMACIA?

AO ACABAR UN MEDICAMENTO	O ENVASE BALEIRO (BLÍSTER, FRASCO, TUBO, AEROSOL, ETC.) XUNTO COA SÚA CAIXA DE CARTÓN.
AO FINALIZAR UN TRATAMENTO	O ENVASE CO RESTO DE MEDICACIÓN QUE POIDA SOBRRAR, SEMPRE DENTRO DA SÚA CAIXA.
AO REVISAR O BOTIQUÍN	OS MEDICAMENTOS CADUCADOS, EN MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN E OS QUE XA NON SE NECESITEN.

## Eventos

### Apoio económico da Unión Europea para a protección dos océanos

A Unión Europea comprometeu 300 millóns de euros para loitar contra a contaminación mariña. O anuncio desta nova dotación económica tivo lugar no transcurso da 5ª edición da conferencia "O noso océano", celebrada en Bali (Indonesia) a finais de outubro pasado. A achega súmase aos 550 millóns de euros comprometidos pola UE o pasado ano

No marco da mesma, fixéronse 23 novos compromisos para mellorar o estado dos océanos, priorizando as accións orientadas a facer fronte aos residuos plásticos e a apoiar proxectos de investigación marítima e mariña, así como a fomentar a economía azul.

Cabe destacar que a UE tamén está levando a cabo actuacións a nivel internacional co fin de poñer en marcha unha coalición de acuarios para loitar contra



os refugallos plásticos. Así mesmo, cun adianto de dous anos sobre o prazo fixado inicialmente, o 10% das augas da UE xa foron declaradas zonas mariñas protexidas. ●

### A capa de ozono prosegue o camiño cara á súa recuperación total

Así se confirmou na última "Avaliación científica do esgotamento da capa de ozono" presentada o pasado 5 de novembro en Quito (Ecuador). O documento evidencia que, en partes da estratosfera, esta zona se rexenerou a unha taxa de 1-3% por década desde 2000.

De seguir este ritmo, o hemisferio norte e o ozono de latitude media recuperaranse por completo para 2030. Seguiralle o hemisferio sur en 2050 e as rexións polares en 2060. Uns prognósticos que, en todo caso, acreditan o éxito do tratado ambiental alcanzado en Montreal o 16 de setembro de 1987.

Precisamente, a emenda de Kigali ao Protocolo de Montreal, que entrará en vigor o próximo 1 de xaneiro



e que xa foi ratificada por 58 partes, esixe que os países reduzan a produción e o consumo proxectados de gases contaminantes HFC en máis dun 80% durante os próximos 30 anos. Segundo os expertos, con esta medida é posible evitar ata 0,5°C o quecemento global este século e contribuír ao obxectivo de manter o aumento da temperatura global por debaixo de 2°C. ●

## Seis medidas da FAO para valorar a comida



A pesar de que a comida resulta esencial para vivir e de que, ao redor da mesma, se cerne toda unha cadea cultural, económica e social, cada ano, un terzo dos alimentos que se producen a nivel mundial para o consumo humano acaban desperdiciados. No outro lado da balanza, alimentarse cada día supón un verdadeiro reto e desafío para os 821 millóns de persoas que pasan fame no mundo.

Neste contexto, a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación) proporciona ao cidadáns seis medidas, básicas e sinxelas, para aprender a amar e respectar a comida:

- 1.- Consumir de forma responsable e reducir o desperdicio alimentario.
- 2.- Apoiar os agricultores.
- 3.- Visualizar a comida coma se fose unha obra de arte.
- 4.- Apostar por unha dieta máis saudable e sustentable.
- 5.- Aprender e coñecer un pouco máis os alimentos.
- 6.- Dialogar. ●

## A reciclaxe de papel en Europa resiste os desafíos do mercado

A pesar de que China reduciu a compra de papel para reciclar, o sector alcanzou en 2017 unha taxa de reciclaxe do 72,3% e avanza con paso firme cara ao 74% para 2020.

A conxuntura actual está a compensarse cun maior uso de papel para reciclar en Europa e noutros países grazas aos investimentos acometidos en capacidades adicionais e nun maior esforzo para garantir a calidade do papel recollido.

Precisamente, neste marco xurdiu e proxecto europeo ImpactPapeRec en Valencia, que ten por obxectivo incrementar aínda máis a recollida selectiva de papel para reciclar e promover estratexias para evitar o seu desaproveitamento. Céntrase, sobre todo naqueles países con taxas de reciclaxe por baixo da media (Bulgaria, Polonia e Romanía), así como en países onde o papel xerado nos fogares, pequenas tendas e oficinas se recolle con frecuencia nun fluxo combinado con outros materiais reciclables, como é o caso de Francia e Reino Unido. ●



## A praia e o mar son escenarios de “basurala”



O 96% dos españois identifica a praia e mar como as contornas máis contaminadas do noso país, seguidas dos montes e dos bosques. Así se desprende do estudo sociolóxico “Actitudes fronte á basurala” elaborado no marco de LIBERA, un proxecto promovido por SEO/BirdLife, en colaboración con Ecoembes.

No mesmo contémpanse os resultados de 5.000 enquisas coas que se pretendía avaliar o comportamento

da poboación española en relación aos refugallos xerados, hábitos de reciclaxe e prácticas cando os cidadáns se atopan en lugares públicos. Como datos a destacar, o 76,5% dos enquisados confirma que as cabichas constitúe o residuo máis frecuente nas praias e o mar, e as bolsas plásticas en ríos, embalses e pantanos. O 54% considera que praias e mares serán as contornas máis prexudicadas no horizonte de cinco anos. ●

## Un barco fabricado con sandalias contra o lixo mariño



Flipflopí é o barco fabricado con sandalias e plástico reciclado que loitará contra o lixo mariño. Liderará unha expedición de 500 quilómetros desde a illa de Lamu (Kenia) ata o arquipélago de Zanzíbar (Tanzania) visitando escolas, comunidades e administracións para concienciar sobre a necesidade de reducir o masivo consumo de plásticos dun só uso.

Na súa fabricación utilizáronse miles de sandalias (flip-flops), de aí o seu nome, así como plástico recollido en distintas xornadas de limpeza de praias.

O proxecto foi fundado por Ben Morison en 2016, despois de que este presenciase as desorbitadas cantidades de plástico que chegaban aos areas de Kenia, onde pasou gran parte da súa infancia. Concibiú o barco como unha oportunidade de crear algo visualmente atractivo, impactante e divertido. "Un fermoso bote multicolor", como el o define. ●

## Heroe medioambiental polo clima



O ciclista Michael Strasser foi o primeiro en sumarse á campaña "Heroes de montaña" da ONU Medio Ambiente a fin de sensibilizar ao mundo sobre a necesidade de facer fronte ao cambio climático. O deportista austríaco percorreu en bicicleta 22.642 quilómetros, desde Alaska á Patagonia, en 84 días, 11 horas e 50 minutos (15 días, 1 hora e 6 minutos menos que o récord anterior). Segundo

manifestou, para el sería reconfortante que o seu récord mundial servise de motivación de cara a substituír o automóbil pola bicicleta, aínda que sexa só ás veces.

Estímase que ao redor da metade da masa glaciaria se perdeu nos últimos 40 anos e, se non actuamos agora con contundencia, a Terra e a vida da humanidade sufrirá as consecuencias. ●

## Certos tipos de fungos degradan o poliuretano en semanas

Así se recolle no primeiro informe sobre o "Estado dos fungos no mundo", publicado polo Xardín Botánico de Kew e un equipo conformado por máis dun centenar de científicos de 18 países. A Dra. Iliia Leitch, científica principal da institución, sinalou que hai fungos dentro das células das plantas que poden influír na súa resistencia ao cambio climático.

Respecto aos fungos e aos microorganismos con capacidade para dexenerar distintos tipos de plásticos, Leitch considera que, se se pode entender como funcionan estes organismos e cales son as condicións óptimas para descompoñer este material, poderíase aumentar incluso a velocidade deste proceso. Os fungos serían, deste xeito, unha porta aberta para combater a contaminación por plásticos. ●

## A atleta Paula Radcliffe, embaixadora do aire limpo

Desde este cargo, pretende liderar e apoiar con firmeza as accións promovidas por ONU Medio Ambiente, a OMS e a Coalición Clima e Aire Limpo a través da campaña "Respira a Vida" para facer fronte á contaminación do aire.

Récord do mundo en maratón feminino e embaixadora, xunto con Haile Gebrselassie, da Asociación Internacional de Federacións de Atletismo (IAAF), Paula Radcliffe manifestou, que, na súa condición de atletas toman dez veces máis aire cando corren, polo que a contaminación atmosférica constitúe un serio problema para a súa saúde. Segundo datos da OMS (Organización Mundial da Saúde), nove de cada dez persoas en todo o mundo respiran aire inseguro. ●



## Ladrillos feitos con bagazo de cervexa

Un grupo de investigadores do Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas (CONICET) do Centro de Tecnología de Recursos Minerales y Cerámica de Argentina analiza as propiedades dos residuos da industria cervexeira para a fabricación de ladrillos. Tras superar as probas de laboratorio, o seu obxectivo é ensaiar as propiedades do bagazo a escala industrial.

A materia orgánica que se utiliza adicionalmente na fabricación de ladrillos de construción, casca de arroz e polpa de papel, pode ser substituída por outra, a condición de que non afecte ás propiedades desexadas do produto final. ●



## Baterías biodegradables a base de papel para dispositivos portátiles

Conformadas por materiais orgánicos tales como celulosa, papel carbón, cera de abellas e especies redox orgánicas como as quinonas, o seu tamaño é similar ao dunha pila botón de litio e foron deseñadas para funcionar unha ou dúas horas en dispositivos portátiles.

Esgotada a súa vida útil, non requiren de instalacións específica para a súa correcta xestión e reciclado, podendo eliminarse xunto cos residuos orgánicos, toda vez que non conteñen metais, plásticos nin sustancias nocivas para a contorna, coa particularidade de que a súa fabricación se realiza con baixo custo económico e baixo consumo enerxético.

O estudo corresponde a un equipo de investigadores do Instituto de Microelectrónica-Centro Nacional IMB-CNM, en Barcelona, liderado polo mexicano Juan Pablo Esquivel. ●



## As cidades pésanlle ao medio ambiente

A demanda de recursos nas cidades aumentará en 2050 nun 125% se non se modifican as formas de producir e consumir. Así se recolle nun estudo do Panel Internacional de Recursos de ONU Medio Ambiente que leva por título "O peso das cidades".

A previsión é que, dos 40 mil millóns de toneladas de recursos consumidos en 2010 se suba ata os 90 mil millóns de toneladas en 2050, representando unha cantidade moi superior á que o planeta poderá proporcionar baixo criterios de sostibilidade.

Para contribuír a facer fronte a esta situación, en Bogotá, a Universidade de El Bosque, co apoio de ONU Medio Ambiente, desenvolveu o proxecto "#EnModoAcción", no que xa se integran 600 mozos e a través do cal se pretende replicar iniciativas que promoven estilos de vida sostibles. ●





# Receitario

## Alquimia de sabores á feira

Gulas con falso puré de pataca? Pode ser unha mestura rara, como recoñece o noso amigo **Jorge Alonso**, pero tamén unha forma creativa e saborosa de aproveitar unhas humildes patacas cocidas que lle sobraron doutra elaboración. O resultado recorda ás patacas do polbo á feira! Se tedes outras propostas culinarias para compartir con nós, agardámosvos en [Facebook](#) ou [Twitter](#).



### Gulas con falso puré de pataca



Nivel de dificultade:



1 Fácil  
2 Medio  
3 Avanzado



Cantidades e ingredientes:

- Sobras de patacas cocidas
- Un sobre de gulas
- Aceite
- Sal
- 2 culleradiñas de pemento doce
- Chile
- Allo



Elaboración:

1. Primeiro faise o puré. Nun bol, poñer as patacas cocidas quentes, o pementón e o sal gordo. Desfacer as patacas cun garfo e despois, engadir pouco a pouco o aceite de oliva. Continuar triturando as patacas ata que adquiren a textura de puré.
2. Engadir o puré nun molde que teña unha forma bonita e reservar nun lugar quente.
3. Mentres, preparar as gulas. Nunha tixola, dourar o dente de allo laminado en dúas culleradas de aceite. Incorporar as gulas, o chile ao gusto e frixir uns 3-4 minutos.
4. Reservar un pouco de aceite e unha láminas de allo para decorar o puré.



Presentación:

1. Desmoldar o puré, repartir as gulas de arredor del e adornar co aceite e o allo sobrante de preparar as gulas. O sabor da pataca co sal, o aceite e o pemento lembra á pataca do polbo a feira, o que fai unha combinación de sabores realmente curiosa.



Onde vai que?



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro

**Pero moito mellor que non sobre nada...Hai que loitar contra o desperdicio alimentario!**